



FERVENZAS DO LOR

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 58 km (en coche) e 4 km (a pé)

Dificultade: baixa


Duración: 3-4 horas

Unha ruta, case circular que percorre o río Lor e algúns dos seus afluentes, en especial o Lóuzara, en terreos dos concellos de Pedrafita do Cebreiro, Folgoso do Courel e Samos.

Está pensada para facer en coche e complementala con pequenas camiñadas a pé.

Comeza en Hospital, na estrada de Samos a Pedrafita do Cebreiro e remata en Samos.

A mellor época é a primavera ou o outono para gozar das pincheiras, como se chaman as fervezas no Courel, e das cores da paisaxe.



1-Lousada

O rego de Barxa, afluente do Lor que nace na serra do Rañadoiro forma varios saltos de poca altura sobre lousas entre Lousada (Pedrafita do Cebreiro) e Vilela (O Courel).
COMO CHEGAR:

Pola estrada de O Cebreiro a Seoane, ao pasar Lousada atópase a pincheira, á dereita da estrada.



Pincheira de Lousada


2-Pozo da Grada

No río Pequeno, afluente do Lor, en Meiraos (O Courel). Ten máis de 10 metros de altura.

COMO CHEGAR

Na estrada de Seoane a Hospital, a uns 700 m collemos un desvío ao Incio, Meiraos e Vilasivil (3,6 km). Desde Vilasivil (Meiraos) baixamos polo camiño que atravesa o souto e enlaza coa ruta a Paderne. Despois de pasar o segundo grupo de sequeiros atópase, á esquerda do camiño, outro sequeiro a carón dun prado moi encosta e debaixo está a ferveza. En total uns 3 km ida e volta.

Tamén se pode acceder desde Miraz (2,5 km ida e volta) ou facendo completa a ruta de Paderne.



Pozo da Grada




Pincheira do Rego da Albardeira

3- Rego da Albardeira

Un pequeno rego afluente do Lor, que cae de gran altura a carón da estrada de Folgoso a Seoane, nas proximidades de Folgoso, nunha curva pechada da estrada.

4- Rexiu ou Rixio

Nun regato afluente do río Lor. Na parroquia de Vilamor (Folgoso do Courel). É unha ferverza de augas ocreas, polo seu contido, en ferro que cae desde unha altura de 30 m por paredes de lousa. COMO CHEGAR: Desde Folgoso cóllese a estrada a Vilamor e despois de cruzar o río Lor en Valdomir, a uns 200 m á dereita, atópase a ferverza.



Pincheira de Eiriz

5-Eiriz

Un regato que cae no Lóuzara forma varios saltos pequenos. Na estrada de Vilamor a Eiriz e Lousadela, pasado Eiriz vese á esquerda cando se cruza un regato.

6-Lousadela

No Carrozo das Teixeras, que desemboca no río Lóuzara (Lor) cun desnivel duns 20 m en lousas.

COMO CHEGAR:

Antes de chegar a Lousadela vese a ferverza á esquerda da estrada.



Pincheira do Rixio



Pincheira de Lousadela

7-A Casela

Nun rego que desemboca no río do Muíño (afluente do Lóuzara).

Ten varios saltos de moita altura que se ven desde a estrada.

COMO CHEGAR: ao chegar á estrada de Seoane a O Incio collemos á esquerda (dirección O Incio) e antes de chegar á Casela vese á esquerda, ao outro lado do val.



Pincheira da Cova da Fonte

8-Cova da Fonte

En Santalla de Abaixo (Samos).

É unha pequena ferverza nun rego afluente do Lóuzara (Lor) que nace no interior dunha cova en xistos. Ten verios saltos cunha altura total duns 7 m. A auga aprovéitase para un muíño abandonado e para abastecer á poboación.

COMO CHEGAR:


Volvemos atrás uns 800 m e collemos un cruce á esquerda que indica Santalla e Samos. A ferverza está a carón das casas.

9-Santalla de Abaixo

Un afluente do río Loúzara (Lor) que forma un salto de 25 m de altura en lousas e xistos.

COMO CHEGAR:

Cruzamos o río en Santalla e seguimos un carreiro río abaixo durante 1 km ata a ferverza.



Pincheira da Casela



Pincheira de Santalla de Abaixo